



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. MANUEL VILLAR PARAMÁ

Outeiro Nº 6, San Xurxo de Veá - 36683 A Estrada – Pontevedra
Tlfno 886151055 <http://centros.edu.xunta.es/ceipmanuelvillar>

E-mail ceip.villar.parama@edu.xunta.es

CONVOCATORIA FONDOLIBROS CURSO 2024-2025

Fondo solidario de libros de texto: alumnado de 3, 4º, 5º e 6º EP

Axudas adquisición libros de texto: alumnado 1º e 2º de EP

Axudas adquisición de material escolar, todo o alumnado de Ed. Primaria.

PRAZO PRESENTACIÓN

Data limite **21 de xuño**, en todo caso recoméndase que se presente a documentación o antes posible, para poder ter marxe de actuación ante posibles erros.

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

- ANEXO I debidamente cuberto.

- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:

a) Anexo II para a comprobación dos membros computables da unidade familiar.

- Para os seguintes documentos si a persoa solicitante e/ou os membros computables **se opoñan a esta consulta**, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:

- DNI ou NIE
- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)

- Para a declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, a falta deste, o certificado de imputacións de renda do exercicio 2023 será necesario o consentimento expreso. No caso de non autorizar a consulta deberán achegar os documentos xustificativos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. MANUEL VILLAR PARAMÁ

Outeiro Nº 6, San Xurxo de Veá - 36683 A Estrada – Pontevedra
Tlfno 886151055 <http://centros.edu.xunta.es/ceipmanuelvillar>

E-mail ceip.villar.parama@edu.xunta.es

b) Se o solicitante posúe DNI ou NIE:

- **Copia do libro de familia** ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

c) Certificado acreditativo do grao de discapacidade, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) Violencia de xénero: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) Resolución xudicial de curatela representativa ou de patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida. no caso que corresponda.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor e titores carezan de DNI e NIE. En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2021, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

Documentación necesaria só en casos de discapacidades e ou situación específicas de convivencia.

EN RESUMO (non inclúe casos concretos coma os que se describen nos puntos c,d,e,f,g, nin nos casos de non autorizar a consulta dos membros da unidade familiar (revisar apartado “a”, desta circular))

ANEXO I + ANEXO II+ COPIA DO LIBRO DE FAMILIA ()



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. MANUEL VILLAR PARAMÁ

Outeiro Nº 6, San Xurxo de Veá - 36683 A Estrada – Pontevedra
Tlfno 886151055 <http://centros.edu.xunta.es/ceipmanuelvillar>

E-mail ceip.villar.parama@edu.xunta.es

MODOS DE TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

- Presencial, no centro. (So se presenta unha solicitude única para todos os fillos matriculados nun mesmo centro)
- Via electrónica a través dos formularios (ED330B-anexos I e II) accesibles dende a sede electrónica da xunta de Galicia. (Neste caso será necesaria a presentación de unha solicitude por cada alumno aínda que estean no mesmo centro)